



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 6 DE ABRIL DE 2017**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** ORDINARIA      **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro

D. ALBERTO BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO  
Concelleiro

DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira do PsdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO  
Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA  
Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ  
Concelleiro

#### GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS  
Concelleira

#### GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

#### SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

#### INFÓRMATICO

D. MARCOS ANDÚJAR MATO

#### FALTA Á SESIÓN

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS  
Concelleira do PSdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas coarenta minutos do día seis de abril de dous mil dezasete, réunese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

#### **ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 2 DE MARZO DE 2017.** Dada conta da acta corresponde á sesión ordinaria celebrada o 2 de marzo de 2017, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2°.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MÓVETE SOBRE Á BIODIVERSIDADE FRONTE A EUCALIPTIZACIÓN.**

Para tratar este punto o Sr. Alcalde outorga a palabra á voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, a cal expón a moción presentada con data 21/03/2017 (RE n° 4037), ditaminada na Comisión Informaiva de Medio Rural e Medio Ambiente de 30/03/2017, e que se transcribe de seguido:

**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Co Real Decreto 630/2013 de 2 de agosto entra en vigor o Catálogo Español de Especies Exóticas e Invasoras, co obxecto de reforzar a protección do medio ambiente e a biodiversidade. O problema causado por esas especies foi considerado prioritario dentro da Estratexia da Biodiversidade da Unión Europea para o ano 2020, aprobando o Regulamento 2016/1141 sobre especies exóticas e invasoras.

Dende os anos 60, Galiza, Asturias, norte e centro de Portugal e sur-oeste de Andalucía foron territorios repoboados coa especie exótica eucalipto, para abastecer as fábricas de pasta de papel con esta madeira. O que nun principio pareceu que se trataba de dispor dun número determinado de hectáreas desa especie, co paso do tempo foi incrementándose exponencialmente. Dende as 130.000 ha do ano 1973, segundo o primeiro inventario forestal do estado (IFN), en 2016 chega a ocupar na Galiza máis de 400.000 ha entre masas puras e mixtas (con outras especies), o que representa practicamente a quinta parte do monte galego. E dicir, os eucaliptais medraron en superficie un 300% en 43 anos.

Dito incremento asóciase a varias causas. Aparte das repoboacións voluntarias apoiadas e subvencionadas dende a administración como único cultivo forestal alternativo, destaca o avance descontrolado cara a terras abandonadas por espallamento da semente, agravado polos incendios forestais, cando se dan as mellores condicións de propagación pola velocidade do lume e o lanzamento de muxicas (poden chegar a máis dun km, cos seguintes riscos para a poboación do entorno)

Nos últimos 40 anos, a superficie invadida pola semente de eucalipto só a consecuencia dos lumes forestais estímase en máis de 25.000 ha, aumentando o avance descontrolado desta especie. Ademais, os eucaliptais convértense en terreos con escasa biodiversidade, debido aos aceites esenciais das follas, que forman ao caer unha capa sobre o chan cunha baixa taxa de descomposición. Por outra banda, as raíces procuran humidade e auga chegando a percorrer máis de 50 m en eucaliptos de 25 m de altura, penetrando en depósitos e mananciais, e creando unha maraña superficial que impide a filtración das augas cara aos acuiferos.

Dende o punto de vista económico, cómpre engadir que moitos dos eucaliptais que pasaron dos tres aproveitamentos (tres cortas), pola perda de rendibilidade para o propietario quedan totalmente descoidados, con proliferación de abrochos de cepa, xerando espazos impenetrables de varas carentes de valor económico que fican nese estado ata que volven ser pasto do lume, incrementado a superficie de áreas degradadas. Na actualidade, aproximadamente 175.000 ha con eucaliptos están nesta situación.

O Plan Forestal de Galiza de 1992, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego para un período de 40 anos, que contemplaba poñer freo ás repoboacións de eucalipto, resultou un auténtico fracaso. Partía das referencias do Inventario Forestal Nacional (IFN) do ano 1986, onde os eucaliptais ocupaban 220.000 ha (a proliferación xa era notoria dende o inventario anterior). Analizando a secuencia evolutiva dos eucaliptais entre masas puras e mixtas na Galiza:

1973: I Inventario Forestal Nacional: 131.800 hectáreas.

1986: II Inventario Forestal Nacional: 220.000 hectáreas.

1998: III Inventario Forestal Nacional: 350.000 hectáreas.

2016: Máis de 400.000 ha.

Evidénciase que no período de control previsto no Plan Forestal de Galiza, só entre 1992 (ano da súa publicación) e 1998, a superficie de eucalipto aumenta en 60.000 hectáreas; é dicir, en seis anos excédense as previsións totais do plan de 40 anos.

Asemade, a proliferación do eucalipto ven acompañada de pragas e enfermidades, (algunhas foráneas, que chegaron coa importación de madeira desa especie), insectos como a *Phoracantha semipunctata*, o *Gonipterus scutellatus* (gorgullo do eucalipto) e fungos. Isto leva aos produtores e ás empresas pasteiras a aplicar insecticidas e funxicidas de forma extensiva e intensiva, con grande contestación social por empregar glifosato (de efectos nocivos para a saúde animal) para diminuír a carga do sotobosque, flufenoxurón (co nome comercial de "Cascade", altamente perigoso) para combater o gorgullo, e a loita biolóxica coa solta de avispillas *Anaphens nitens*, insecto foráneo.

A FAO tense pronunciado sobre as plantacións de eucaliptais novos (12-15 anos), que son os que chegan á quenda de corta ideal das fábricas de pasta de papel. Segundo a FAO, estas especies de medra rápida "non regulan tan ben o caudal hídrico coma os bosques naturais, as fortes e longas raíces superficiais fan que compitan coa vexetación rasante e cos cultivos veciños cando a auga escasea. Os eucaliptos non dan bos resultados para

conter a erosión en condicións de seca, rematan coa vexetación rasante absorbedo a auga coas súas raíces. A tala continuada de eucaliptos a matarrasa (único método de tala utilizado), orixina un rápido esgotamento dos nutrientes do solo e impide o desenvolvemento de prantas-herbas de ciclo anual. Os eucaliptos desprazan os ecosistemas anteriores, apenas se constata a existencia de fauna, e reducen a biodiversidade”.

Se analizamos a aplicación do Convenio Europeo da Paisaxe, Florencia 2000, que entrou en vigor no Estado en 2008, adaptado na Galiza coa Lei 07/2008 de Protección da Paisaxe de Galiza, e a Directiva Europea 2014/52/UE que avalía os proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, sendo de aplicación as repoboacións e intervencións nos montes, pode comprobarse que as administracións responsables fan caso omiso das recomendacións. É evidente o impacto que as repoboacións con eucaliptos e o seu espallamento tiveron, teñen e terán sobre o territorio galego de non modificarse as condicións actuais, nas que se ignoran os aspectos recollidos nas directivas europeas e na lexislación estatal e autonómica en materia de protección da paisaxe, e que dan como resultado centos de hectáreas continuadas, moitas delas afectadas por pragas, producindo anomalías ambientais como a diminución dos caudais de pozos e mananciais, solos sen biodiversidade, carencia de fauna, contaminación por tratamentos químicos, etc.

Polo tanto, existen motivacións suficientes para que o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño proceda á inclusión do eucalipto como especie exótica e invasora no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras do Estado Español, e de non ser así, que o Parlamento do estado español se pronuncie sobre o asunto. Ademais, propónse a adopción das medidas inmediatas URXENTES que se enumeran a continuación, mentres non se elabore unha nova normativa reguladora que as inclúa na Lei de Montes.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a declaración do Concello da Estrada: “Menos eucalipto e máis biodiversidade” nos seguintes termos: Co fin de frear o esgotamento e desertización do solo e a ameaza ecolóxica que a especie exótica do eucalipto supón para os nosos ecosistemas, o Concello da Estrada declárase a prol da biodiversidade, do mantemento, conservación e recuperación sostible da flora e a fauna autóctona da nosa terra.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a inscrición do eucalipto no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras do estado español.

Terceiro.- Coa inclusión no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras, e tendo en conta o impacto que podería ter tal resolución sobre algúns propietarios de montes, mentres non se elabore unha normativa para regular a superficie ocupada polo eucalipto adoptaranse as seguintes medidas de carácter urxente, mediante normativa vinculante para as comunidades autónomas:

- Paralización de novas plantacións de eucalipto.
- Eliminación desta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura).
- Eliminación do eucalipto nun prazo de cinco anos das terras agrarias ocupadas dende o I Inventario Forestal Español, como primeiro paso na recuperación destes terreos.
- Eliminación desta especie nun radio de 100 m dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.
- Ruptura da continuidade das masas forestais de eucalipto en montes veciñais en man común cada cinco hectáreas, con distancias mínimas de separación entre masas de 100 metros sen esa especie, e en terreos privados particulares cunha separación de 25 metros cada 0,5 hectáreas ocupadas por eucaliptos.
- Separación de 200 metros de calquera ben inmovible, dos pastos e das zonas agrarias.
- Instar ás administracións a que se doten de orzamento destinado a conceder axudas para o cumprimento destas medidas.

Cuarto.- Trasladar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, á Consellaría de Medio Rural, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e ao Parlamento Europeo co obxecto de que esta especie se inclúa tamén dentro do Catálogo Europeo de Especies Exóticas e Invasoras”.

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Medio Rural, **D. Juan M. Constenla Carbón**, para aclarar que o establecemento da prohibición da prantación de eucaliptos é un asunto que se escapa da xurisdicción do Concello da Estrada. Di que, como xa dixo na preceptiva Comisión Informativa, a Xunta de Galicia está a traballar na elaboración dun Decreto pola que se vai a regular a produción desta especie en terras da nosa Comunidade Autónoma e acadar un monte sostible e que dea rendemento a todos aqueles que o traballan. Polo manifestado, traslada que o o seu grupo municipal vai a votar en contra da moción.

Pide a palabra a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que o seu grupo político entende que o monte debe de ser un ben que ten que coidarse entre todos, polo que, dentro da lexislación vixente, apoiarán esta moción ao mesmo tempo que pide que se respecte aqueles acordos aos que se chegou legalmente.

Intervén o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, dicindo que votará a favor desta Moción por considerar que é urxente actuar para parar de forma inmediata o exceso de eucaplitos que existen no noso país e que estanos a levar á perda de biodiversidade por causa destes monocultivos industriais, e tamén lévanos a unha perda de biodiversidade económica, poñendo como exemplo a carencia de madeira de calidade no noso concello debido a que prema a prantación de eucaplitos en detrimento doutras especies, o que repercute de maneira moi directa na industria do moble de A Estrada.

Continúa dicindo que considera que o Concello si ten competencias á hora de regular e poñer freno ás moitas plantacións que se están a facer en terreos agrícolas, polo que non lle vale o que moito lle gusta á dereita, é dicir, "deixar facer, deixar pasar", teoría económica que demostra como o eucaplito está levando á ruína a o sector primario e forestal do noso país.

Volve a pedir a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para aclarar que coa súa moción non intenta usurpar competencias a outras administracións, senón de adoptar medidas para defender ao noso concello da praga dos eucaplitos, de antepoñer os intereses do noso concello aos intereses partidistas, de instar ás administracións para que se actualicen á normativa europea que califica ao eucaplito como unha especie invasora; de instar á Xunta de Galicia para que poña freno a esta situación, considerando que esta entidade non está a facer ben o seu traballo nesta materia, de feito o Plan forestal de Galicia de 1999 resultou ser un auténtico fracaso. Por outra banda, remitíndose ao dito polo Concelleiro D. Juan M. Constenla sobre que a Xunta está a elaborar un novo Plan Forestal, manifesta o seu desexo de que este sexa mellor que os elaborados con anterioridade e, a estos efectos, cré que é bo advertir ás administracións superiores que fagan ben o seu traballo.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde**, dicindo que o voto do grupo de goberno vai a ser en contra desta moción por varios motivos, o primeiro deles é porque se trata dun tema cuxa lexislación non corresponde ao Concello e xa bastantes competencias ten o Concello que asumir como para abordar outras sen contar con medios e financiamento adecuado; en segundo lugar, respondendo ao Sr. Magariños sobre que á dereita lle gusta moito "deixar facer, deixar pasar", di que o problema é que á esquerda lle gusta bastante "prohibir", xa que queren prohibir todo aquilo que non encaixa coa súa filosofía, e o seu partido é máis de tolerar, considerando que a tolerancia é fundamental e que existe unha diferenza básica entre a "regulación" e a "prohibición". Continuando, di que a administración debe de regular e, nese aspecto, a Xunta de Galicia está facelo de maneira exemplar e, a pesares de que fracasou co antigo Plan Forestal, agora está a traballar intensamente para a elaboración dun novo para regular a explotación forestal e quitar máis partido aos montes de Galicia ata agora desaproveitados. Así mesmo recorda aos presentes de que a propiedade privada ten uns dereitos á hora de explotar e buscar rendabilidade aos seus terreos e, neste senso, a administración non é ninguén para prohibirlles de facer as prantacións que desexen dentro das súas expectativas, pero outra cousa é que administración regule e fixe as zonas adecuadas para cultivar determinadas especies, e nesa liña vai o Decreto da Xunta de Galicia para un monte máis substentable e racional.

Polo anterior, pide que non se prexulge o traballo que está facer a Dirección Xeral de Montes, xa que está a traballar para elaborar unha normativa que permita convivir todos os intereses sen caer na prohibición, en aras de conseguir un monte sostible e racional e, sobre todo, economicamente viable, así como alcanzar a erradicación dos incendios forestais.

Polo exposto, di que votarán en contra da moción e se os grupos da oposición teñen algunha proposta en canto á regulación forestal, o grupo de goberno estaría encantado de trasladarllo á Xunta para que a teñan en conta.

Pide a palabra o **Sr. Xosé Magariños**, por alusións, aclarando que para poder decidir hai que contar con boa información, porque senón se acaba decidindo o que outros queren, como é no tema dos eucaliptos. Por outra banda, di que se fala de regular, pero nesta moción pídese incluír esta especie no catálogo de especies invasivas e, deste xeito, a súa regulación sería máis estrita e así fixar os lugares onde non se pode prantar, porque o que se está a tratar é a falta dunha política forestal, política na que o Partido Popular está moi interesado en que non exista.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, rexeitándose o asunto polos votos en contra do PP e a favor do PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE

**3º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 168/2017, DE 28 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2016.** Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 168/2017, de 28 de febreiro, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento municipal 2016, e que se transcribe literalmente de seguido:

“DECRETO NÚMERO 168/2017

Refª Intervención

*No uso das facultades que me confire o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo), e a Base 37ª das Bases de Execución do orzamento, e visto o informe emitido pola Intervención Municipal de 27 de febreiro de 2017, e axustada a súa obtención ó establecido pola normativa citada e polo RD 500/1990 RESOLVO:*

*PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do orzamento municipal 2016, cuxo resultado orzamentario axustado é o seguinte:*

1. Dereitos Recoñecidos Netos.	14.850.602,23.-
2. Obrigas Recoñecidas Netas.	13.761.883,90.-
3. Resultado Orzamentario (1-2).	1.088.718,33.-
4. Desviacións Positivas. (-)	1.879.963,65.-
5. Desviacións Negativas. (+)	1.928.792,39.-
6. Gastos financiados con Remanente de Tesourería. (+)	0,00.-
7. Resultado Orzamentario Axustado (3-4+5+6).	1.137.547,07.-

*SEGUNDO: aprobar o Remanente de Tesourería determinado polas seguintes magnitudes:*

A.1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO-----	1.431.177,65
1. De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente -----	20.576,82
2. De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado -----	1.340.079,55
3. De Operacións non orzamentarias-----	70.521,28

A.2.- OBRIGAS PENDIENTES DE PAGO-----	1.870.989,63
1. De Orzamento de Gastos. Orzamento Corrente -----	1.275.217,69
2. De Orzamento de Gastos. Orzamento Cerrados-----	66.019,46
3. De outras Operacións non Orzamentarias-----	529.752,48
A.3.- PARTIDAS PENDNTES DE APLICACIÓN -----	- 2.726,94
1(-). Ingresos realizados ptes. aplicación definitiva -----	(5.676,05)
2 (+). Pagos pendentes de aplicación-----.....	2.949,11
A.4.- FONDOS LÍQUIDOS-----	3.706.262,37
1. En Caixa -----	506,93
2. En Bancos, contas operativas -----	3.688.342,96
3. En Bancos, contas restrinxidas recad.-----	17.412,48
A.5.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL-----	3.263.723,45
A.6.1.- MENOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACIÓN--	1.053.973,42
A.6.2.- MENOS EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO-----	1.316.289,43
A.7.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS-----	893.460,60

*TERCEIRO: Da presente Resolución e dos estados de liquidación darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 193.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*

*Así o manda e asina o Sr. Alcalde, na Estrada a 28 de febreiro de dous mil dezasete.”*

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**4°.- DACIÓN DE CONTA DO DOCUMENTO DE CESIÓN DA PARCELA 381 DO POLÍGONO 514 DA ZCP DE RIVEIRA, NA QUE SE ATOPA SITUADA A ANTIGA ESCOLA.** Á vista da proposta da Alcaldía-Presidencia de data 31/03/2017 dáse conta, para coñecemento e posterior inclusión no Inventario de Bens municipal, do documento asinado con data 16/02/2017 entre o Alcalde deste Concello e o director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que a AGADER cede gratuitamente a parcela 381 do polígono 514 da ZCP de Ribeira (A Estrada), cunha extensión de superficie de dez áreas e oitenta centiáreas, a cal limita ao norte con Rafael Fernández García (382), sur con camiño, leste con Jesusa Terzado Barreiro (383), e oeste con Jesusa Rebolo Barreiro (379); Finca na que existe unha antiga escola, unha

pequena caseta, columpios e outros aparatos de lecer, contando tamén cun peche interior (Refª catastral: 36017K514003810000EM), sendo a súa valoración de 3.050,02 €.

No devandito documento se sinala que dito inmovible cedido deberase de destinar a ubicación de local social.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**5º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 28 DE FEBREIRO DE 2017 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 28 de febreiro de 2017 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 93/2017 ao nº 173/2017 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**6º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE MARZO DE 2017 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 31 de marzo de 2017 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 174/2017 ao nº 294/2017 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

\*\*\*\*\*

Antes de pasar ao punto de rogos e preguntas, o **Sr. Alcalde** traslada a existencia de dúas mocións de urxencia para incluír fóra da Orde do Día desta Sesión.

**A) DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS SOBRE OS EFECTOS/DANOS OCASIONADOS POLO TEMPORAL (AFECCIÓNS, RECLAMACIÓN MUNICIPAL, PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN, ....)**

O **Sr. Alcalde** explica que fóra da Orde do Día se somete a aprobación a moción conxunta de todos os grupos políticos municipais sobre a necesidade de solventar os efectos/danos ocasionados polo temporal e que inclúe as seguintes propostas:

1. Instar ao Ministerio de Fomento, á Xunta de Galicia e á Excm. Deputación, a que aprobe/n un protocolo de resposta, que estableza os mecanismos de atención e reclamación, ante calquera situación de emerxencia que se produza.
2. Instar ao Ministerio de Fomento, á Xunta de Galicia e á Excm. Deputación, a habilitar fondos suficientes para dar resposta aos danos provocados polos temporais nos espazos e servizos públicos.
3. Instar á Xunta de Galicia, xunto coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica, a levar a cabo unha auditoría da situación actual das liñas eléctricas, e a presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.
4. Instar ao Instituto Galego de Consumo á apertura de expedientes as compañías subministradoras de enerxía eléctrica para que os usuarios podan reclamar as compensacións pola ausencia de subministro.
5. Instar ás compañías eléctricas (Gas Natural, Hidroeléctrica de



Silleda,...) a compensar aos seus usuarios polos prexuízos motivados pola demora no restablecemento do servizo.

Para finalizar, o **Sr. Alcalde** explica que esta moción tiña que haberse aprobado con anterioridade, sen embargo non pudo facerse, sendo urxente que sexa aprobada nesta sesión para así poder achegar as peticións as compañías eléctricas e ás outras administración para que solventen os problemas que o pasado temporal ocasionou no noso municipio.

Sometida a urxencia do asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que, efectivamente, esta moción se tiña que haber tratado antes, pero agora, entrando no fondo do asunto, quere facer fincapé no Real Decreto que regula a comercialización da electricidade, o cal inclúe que non se pode estar sen luz máis de dezanove horas e, nun rural disperso como o noso, moitos lugares estiveron sen corrente eléctrica máis dese tempo, polo que entende que os veciños deben de ser informados e a nosa administración debe de facer o posible para que teñan a información adecuada e defender os seus dereitos; é sabedora que organismo ao que hai que recurrir para facer este tipo de reclamacións e o Instituto Galego de Consumo, por iso na moción se inclúe o apartado de instar a esta entidade para que abran expedientes ás compañías eléctricas, non sendo impedimento para que os veciños interesados fagan as súas reclamacións particulares en vía xudicial.

Por outra banda o Concello ten o deber de velar polos intereses e benestar dos seus veciños, por iso, na moción conxunta, se recolle a petición ás compañías eléctricas para que compensen aos usuarios afectados polos prexuízos ocasionados pola demora no restablecemento da electricidade despois do temporal.

Por último, alégrase por chegar a un acordo unánime para instar ás administración con competencia de actuación neste tema co gallo de que adopten as medidas necesarias en aras a solucionar estes problemas, ao mesmo tempo que se faga un "tirón de orellas" para que asuman a responsabilidade deses danos así como que se preocupen por facer un mantemento axeitado dos cauces dos ríos e os viais e así evitar os problemas tan graves que xurden sempre que hai temporal.

Pide a palabra a Secretaria Xeral do Concello, **Dna. Lucía Artime**, para transmitir o problema ao que se enfrenta o Departamento de Secretaría á hora de dar traslado dos Acordos derivados das mocións presentadas polos grupos políticos municipais, xa que nas mesmas non se concreta o nome dos organismos aos que se insta o se dirixen ás peticións, reflexando tan só o nome xenérico de "Xunta de Galicia", sen especificar a Consellería, así como de outras entidades; polo anterior, pide que, de agora en adiante, se concrete máis as denominacións reais e específicas dos organismos aos que se queira instar o trasladar os acordos adoptados e, no caso de empresas privadas o alleas á Xunta de Galicia, o nome oficial e o enderezo social, e así facilitar o traballo da Secretaría Xeral.

Non habendo máis intervencións, se somete o asunto a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción conxunta de todos os grupos políticos integrantes do Pleno do Concello da Estrada, relativa ao asunto de referencia.

Visto que, os temporais de vento e chuvia padecidos a principios de ano ocasionaron múltiples incidencias no noso Concello, causando importantes danos en infraestruturas e servizos e equipamentos públicos.

Visto que, a falta de labores de prevención nas infraestruturas polos organismos responsables provocan danos nas mesmas, e un dos defectos máis graves é o corte de subministro eléctrico a os veciños e veciñas do noso Concello. Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir, cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente en sesión do 05/04/2017.

### **ACORDAMOS:**

1. Instar ao Ministerio de Fomento, á Xunta de Galicia e á Excma. Deputación, a que aprobe/n un protocolo de resposta, que estableza os mecanismos de atención e reclamación, ante calquera situación de emerxencia que se produza.
2. Instar ao Ministerio de Fomento, á Xunta de Galicia e á Excma. Deputación, a habilitar fondos suficientes para dar resposta aos danos provocados polos temporais nos espazos e servizos públicos.
3. Instar á Xunta de Galicia, xunto coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica, a levar a cabo unha auditoría da situación actual das liñas eléctricas, e a presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.
4. Instar ao Instituto Galego de Consumo á apertura de expedientes as compañías subministradoras de enerxía eléctrica para que os usuarios podan reclamar as compensacións pola ausencia de subministro.
5. Instar ás compañías eléctricas ( Gas Natural, Hidroeléctrica de Silleda,... ) a compensar aos seus usuarios polos prexuízos motivados pola demora no restablecemento do servizo.

### **B) DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA AO ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Para tratar ese punto o Sr. Alcalde outorga a palabra ao Conselleiro de Medio Rural, **D. Juan Constenla Carbón**, quen motiva a urxencia deste asunto para a súa inclusión fóra da Orde do Día desta sesión na necesidade de resolver a alegación presentada á aprobación inicial da Ordenanza reguladora da limpeza de terreos e protección contra incendios forestais, sobre todo tendo en conta que a sesión plenaria máis cercana despois de rematar o período de exposición pública era esta.

Sometida a urxencia do asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Continúa o **Sr. Constenla Carbón**, explicando que, despois da exposición pública do anuncio de aprobación inicial da devandita Ordenanza, presentouse unha única alegación por parte da Confederación Galega de Empresarios da Madeira, pedindo, entre outras, que se modificara o punto 4 do artigo 11 do Capítulo III da dita Ordenanza, de xeito que se incluíra a posibilidade de que os madeiros poideran presentar, en lugar da fianza que se recolle, un seguro de responsabilidade civil, que cubra os posibles accidentes laborais así como os posibles danos nos viais públicos ou outros tipos de bens dos que a administración teña competencia; aspecto que se acepta procedendo a corrixir dito artigo 4, engadindo un parágrafo que atenda ao proposto neste aspecto nomeada alegación.

Por outra banda, na Comisión Informativa celebrada no día de hoxe, tamén se ditaminou modificar o texto do punto 1 do Artigo 11 do Capítulo III, de xeito que se faga referencia a todo o terreo, sen ter en conta a súa clasificación, á hora de comunicación previa ao Concello da Estrada cando se vaia a proceder á corta o abatecemento de masa arborea.

Remitíndose novamente a alegación presentada, esta pedía que se puxera a disposición de todos os madeiros un roteiro de todos os viais municipais na páxina web do Concello, ao que se lle contestará que está a súa disposición no Plan Xeral de Ordenación colgado na nosa páxina web.

Por último, di que, en resumo, propónse dar contestación ao contido da

alegación presentada, corrixir o texto inicial da Ordenanza e proceder á súa aprobación definitiva.

Sometido o asunto a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e protección contra incendios forestais do Concello de A Estrada, aprobada inicialmente en sesión plenaria do 12/01/2017.

Visto que o nomeado acordo de aprobación provisional foi exposto ao público no Taboleiro de editos da Casa do Concello e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 18 de 26/01/2017, outorgando un prazo de 30 días (contados a partires da súa publicación no BOP), aos efectos de reclamacións ou suxestións.

Visto que durante dito prazo de exposición pública foi presentada con data 13/03/2017 (RE nº 3665) no Rexistro deste Concello alegación por parte D. Elier Ojea Ureña, en representación da Confederación Galega de Empresarios de la Madera.

Visto o informe técnico emitido con data 04/04/2017 polo Enxeñeiro Técnico municipal.

Visto o informe da Secretaria Xeral de 04/04/2017 con respecto ao procedemento a seguir.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidentencia de data 05/04/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente en sesión do 05/04/2017.

### **ACORDAMOS:**

1º.- Admitir parcialmente a alegación presentada por D. Elier Ojea Ureña, en representación da Confederación Galega de Empresarios de la Madera, concretamente no que se refire á esixencia de fianza para responder dos posibles danos non reparados voluntariamente con motivo das cortas e abatecementos de árbores, recollido no Capítulo III, Artigo 11, punto 4.

2º.- Desestimar o resto do proposto na devandita alegación.

3º.- Modificar o texto da Ordenanza, concretamente o Capítulo III, Artigo 11, punto 4, o cal quedaría redactado do seguinte xeito:

*“4. As empresas madeiras deberán de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil, que cubra os posibles accidentes laborais así como os posibles danos nos viais públicos ou outros tipos de bens dos que a administración teña competencia.*

*Ou ben, depositarán unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que deberá de ser depositada coa comunicación previa) establécense as seguintes contías:*

- *Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 500,00 €*
- *Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.500,00 €*
- *Volume de corta superior a 1.000 e ata 3.000 metros cúbicos: 4.000,00 €*
- *Volume de corta superiores a 3.000 metros cúbicos: 6.000,00 €”*

4º.- Introducir outra modificación no texto da Ordenanza, concretamente, no seu Capítulo III, Artigo 11, punto 1, de xeito que quedaría redactado como se indica de seguido:

*“1. As cortas e os abatecementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque, calquera que fose a clasificación urbanística do solo, estarán suxeitas ao réxime de comunicación previa neste Concello.”.*

5º.- Aprobar definitiva a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE A ESTRADA, previas as modificacións sinaladas nos apartados anteriores, procedéndose a publicar o texto íntegro da nomeada Ordenanza, xa modificada, no Boletín Oficial da Provincia aos efectos da súa entrada en vigor a partires do día seguinte da súa publicación.

\*\*\*\*\*

#### 7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Inicia o turno a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, quen comeza dicindo que, a través dos medios de comunicación, coñeceu unha información que está a crear malestar entre os veciños estradenses, se trata do traslado por parte de Gas Natural Fenosa do seu proxecto de regasificación e depósitos no Polígono Industrial de Toedo, segundo o expediente iniciado no mes de setembro, á zona da parte de atrás da Estación de Autobuses (entre esa zona e o Caño Sifón). En base a esa noticia lle gustaría saber se o Concello ten aberto expediente, se foi tramitado o informe ao respecto, ou se xa lle respondeu a Xunta de Galicia, en definitiva, saber en que punto se atopa este proxecto e que hai de verdade sobre o cambio de ubicación dos depósitos de Gas Natural Fenosa, non esquecendo que na zona da Estación de Autobuses onde se pretende facer a ubicación existen vivendas próximas.

Responde o **Sr. Alcalde** que é sabedor que a empresa Gas Natural Fenosa tiña interese emprender un plan de expansión en vilas medias de Galicia (entre elas, A Estrada) e, por ese motivo, mantívose unha reunión fai máis de dous anos para intentar solucionar os problemas existentes no casco urbano en canto á rede de gas (propiedade actualmente de Repsol), xa que as ampliacións da rede de gas non tiñan as correspondentes autorizacións, impedindo que Repsol Gas puidera estender o seu servizo no casco urbano. Durante o tempo en que Repsol intentou legalizar a súa rede, entrou en xogo outra empresa, é dicir, Gas Natural Fenosa, a cal fixo unha proposta de subministrar gas natural licuado en vez de gas natural propano (menos perigosa e máis futurista), chegando, ao mesmo tempo, a un acordo con Repsol para adquirir a rede de subministro de gas no noso concello.

Di que esa é información que se ten neste momento, despois, publicouse no DOG a ubicación da planta de subministro no Polígono Industrial de Toedo, coa respectiva sorpresa, xa que era unha información descoñecida, así como, con posterioridade, enterouse que se producía un cambio de ubicación para a Estación de Autobuses (onde estaba o antigo depósito de Repsol Gas).

O manifestado é toda a información da que dispón o Sr. Alcalde, o cal di que se ha posto en comunicación coa empresa para dispoñer de máis datos e, unha vez tida unha reunión e obtida máis información, se procederá ao estudo e tramitación da instalación desa nova planta.

A **Sra. Belén Louzao** di que cré entender que o Concello da Estrada, como entidade afectada, é descoñecedora deste expediente e proxecto, polo que aconsella que é necesario preocuparse da prevención de riscos por mor da existencia de vivendas preto da proxectada ubicación dos nomeados depósitos. Por outra parte cré que deberíase pedir á empresa unha copia do proxecto para que os técnicos poidan examinalo e emitir o respectivo informe.

Continúa a súa intervención recordando un rogo feito en outras sesións plenarias, trátase da colocación de parques infantís en diversas parroquias do concello e, unha vez máis, prega que se atendan as necesidades dos pequenos nos colexios de O Foxo e Oca, destinando fondos do Plan Concellos ou de subvencións provintes doutras administracións para ubicar xogos infantís nestes centros así como na aldea de Xubrei (pola grande cantidade de nenos que se xuntan nela).

Así mesmo, pregunta o que se pretende a facer coa estrada en Riobó onde se produciron desprendimentos por causa do pasado temporal, porque aínda que se falou noutra sesión plenaria sobre o seu arranxo, a día de hoxe está exactamente igual sen haber solucionado este problema, e considera que débese arranxar dunha vez por

todas pola perigosidade e por non permitir o tránsito por ela.

Tamén prega que se arranxen os pavillóns deportivos dos centros escolares, deteriorados polo temporal, sobre todo tendo en conta a imposibilidade dos alumnos/as de utilizar as instalacións pola súa perigosidade.

Finalmente, pide que se habiliten medidas de seguridade na zona que se está a acondicionar no entorno de Ponte Veá, debido ao caudal importante do río Ulla, así como solicitar á presa que poña unhas medidas de protección, tanto acústicas como lumínicas, para que as persoas que paseen pola zona sexan conscientes das variacións do caudal do río.

O **Sr. Alcalde**, dando contestación á Sra. Louzao, di, con respecto aos parques infantís, que nos proxectos que se están a elaborar prevese a merca de mobiliario e parques para instalar no rural, pero nese paquete non se poden incluír os parques para os colexios de O Foxo e Oca, xa que o Plan Concellos da Deputación non permite investir en instalacións que non sexan municipais, sen embargo se está estudar para, por outros medios, dotar de material a eses colexios.

Con respecto á pista que vai a piscifactoría en Riobó, Protección Civil valizou e sinalizou perfectamente este camiño para evitar perigo de tráfico, pero, con respecto á obra de arranxo, di que é moi complexa e de moito custe, estándose a estudar a maneira de levala a cabo o máis pronto posible.

No que se refire aos desperfectos existentes nos pavillóns deportivos dos Colexios, o seu grupo de goberno só ten coñecemento do mal estado no que se atopa o pavillón do CEIP de Oca, estando nestes momentos estudando o problema e, de feito, xa que se falou cunha empresa a cal dixo que a cuberta do pavillón é de microcemento é a súa reparación é complicada, sen embargo estase esperando que dita empresa faga os traballos de arranxo do nomeado pavillón. Volve a insistir que só ten coñecemento deste pavillón e de ningún máis, recordando as importantes inversións que o Concello fixo noutras instalacións, como no pavillón do CEIP de Figueroa e tamén do Pérez Viondi, así como as pequenas actuacións polas brigadas municipais noutros colexios para manter a súas instalacións en perfecto estado de uso.

Pide a palabra o Concelleiro do PSdeG-PSOE, **D. Luis Rendo Araujo**, para dicir, con respecto á pista de Riobó que vai á piscifactoría, que está valizada cunha simple cinta de Protección Civil e os coches están a pasar por debaixo dela co perigo que implica, polo que considera que deberíase de valizar doutra maneira máis efectiva e segura, xa que en caso de ocorrer algún problema o Concello sería o responsable.

O **Sr. Alcalde** resposta que llo trasladará novamente ao responsable de Protección Civil para que se achege mañán a primeira hora co fin de adoptar todas as medidas posibles e necesarias para evitar calquer percance ou accidente.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen inicia o seu turno insistindo na necesidade de dotar de columpios ao Colexio de O Foxo, ao mesmo tempo pide información sobre onde se van a colocar os 6 parques infantís previstos, pedindo que sexan ubicados en lugares onde realmente se saiba que van a ser usados.

En segundo lugar traslada un rogo da Asociación Paramá para que se coloquen dúas sinalizacións no vial Paramá-Portela, unha no lugar de Riveira (na EP 8401) e a outra na estrada Portela-Cuntis (á altura do lugar de Paramá).

En terceiro lugar tamén traslada unha pregunta da dita Asociación sobre como está a súa reivindicación para que se arranxe á pista que dá acceso á maioría dos montes de Paramá ata o Pedroso, xa que aínda que técnicos do Concello fixeron unha visita, a día de hoxe non teñen resposta.

En cuarto lugar di que, dende o seu grupo político, se cré que se debería de avanzar no servizo da rede de sumidoiros ás parroquias, en concreto traslada dúas peticións veciñais, unha dos veciños de Barbude e a outra dos veciños de Toedo, quenes alertan que en determinadas zonas, como en A Carballa (Toedo), os pozos negros non están a 30 metros de separación dos pozos de auga potable, polo que considera que é necesario dotar ao noso rural de servizo de sumidoiros.

Tamén traslada unha petición dos veciños da parroquia de Moreira para que se proceda á limpeza do camiño da Fonte, sito no lugar de A Devesa, por estar

intransitable.

Por outra banda, da traslado dunha petición dos veciños de Codeseda para a colocación dun punto de luz no lugar de Outeiro, necesario para dar iluminación a un grupo de casas.

Seguindo co seu turno, a Sra. Blanco, recorda que no Pleno pasado se advertiu do perigo que supón o estado en que se atopa unha cuneta do cruce de Penerada e o lugar de O Castro polo elevado desnivel que presenta, polo que prega que se mellore, ao mesmo tempo que comunica a necesidade asfaltar o camiño que transcorre polo lugar de O Castro. Neste orde de cousas lle gustaría saber o contido do proxecto de asfaltados no rural e no casco urbano, cando se vai a iniciar as actuacións, etc.

Por último, traslada unha petición dos veciños da Praza da Feira en relación coa caída dun muro na zona onde se ubican os pulpeiros considerando que é un perigo. Aproveita para pedir que se proceda a limpar a pedra deses muros xa que se atopan cheas de brión.

Responde o **Sr. Alcalde** que, con respecto ao tema dos asfaltados, existe un proxecto de 565.000,00 € pendente dos informes sectorais, estando a súa disposición para que poida consultalo, e que inclúe reasfaltados de camiños principais entre lugares e parroquias con moita poboación. Di que ademais están pendentes de pechar outros dous proxectos con fondos propios e que importan outros 500.000,00 €, financiado con remanentes incorporados das inversións do ano 2016 e o resto con cargo ao Orzamento deste ano. Por outra banda na actualidade hai outro proxecto en trámite con diñeiro provinte da Deputación para a pavimentación da Avda de Vigo e Avda de Pontearreas ata Penerada con motivo dos traballos realizados para a reposición da nova rede de abastecemento de auga, existindo tamén unha partida de aproximadamente 50.000,00 € no proxecto da Deputación para adecuar e mellorar estes viais. Resalta que no Orzamento para 2017 tamén hai unha partida destinada para arranxo de viais do ámbito urbano que se atopan en un estado lamentable, como é o caso da rúa do Muíño, as rúas interiores de Figueroa de Arriba e Figueroa de Abaixo e outras que solicitaron veciños estradenses.

No que se refire ao camiño de Penerada, se trata dun vial con moito tránsito que fai de variante ou circunvalación natural da Estrada para moitos veciños que veñen da estrada de Codeseda para saír á N-640 (á altura da fábrica Martínez Otero), e no que se fixeron uns traballos de arranxo do firme e ensanche do vial pasando de ter un ancho de 4 metros a case 6 metros. Pero ao que se refire a Sra. Mar Blanco, é dicir, ao entronque existente ao final desa estrada co vial que sube a Penerada (lugar de O Castro), é unha actuación pendente para poder contratar, con cargo ao Plan Concello da Deputación, unha brigada de obras e así proceder ao seu arranxo o máis pronto posible.

A **Sra. Mar Blanco** pide que inclúa dentro dos asfaltados urbanos a Avda da Torre e Avda de Fernando Conde, dous viais con moito tránsito, preguntando cando se comezaría cos traballos deses asfaltados.

O **Sr. Alcalde** resposta que a Avda da Torres xa está incluída dentro do proxecto que se remite á Deputación e, con respecto á Avda Fernando Conde, se ten unha valoración sobre o asfaltado dende a rotonda das Colonias ata a Porta do Sol e que supera os 200.000,00 € de custe, polo que se trata dunha actuación importante, debéndose valorar se se fai algunha outra a maiores, xa que se conta con queixas de veciños polo aparcamento nas dúas marxes da avenida, dificultando a dobre circulación dos vehículos, polo que se está a estudar varias actuacións para melloralas dentro do EDUSI por coincidir en moitos aspectos cos requisitos da estratexia.

Pregunta a **Sra. Mar Blanco** sobre o arranxo da pista que reclama a Asociación Paramá.

O **Sr. Alcalde** responde que durante unha visita que se fixo cos técnicos e o Concelleiro se lles dixo que se estaba pendente da contratación de persoal do INEM para crear unha brigada que faga ditos traballos, de feito durante o día de hoxe se asinou co INEM as contratacións que se van a realizar con cargo ao Plan de Emprego e na semana que van se fará a oferta ao INEM e así proceder á contratación

o máis pronto posible e, a partires de aí, previa a entrada en vigor do Orzamento de 2017, procederáse a realizar varias obras, entre elas a da pista de Paramá, traballos que non se puderon facer antes con medios propios pola súa complexidade.

Inicia o seu turno de rogos e preguntas o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, quen comeza co prego de que sexa elaborado un plan de seguridade vial no entorno da Rúa da Cultura, xa que co eminente traslado do 112 prevese un aumento do tráfico, polo que é necesario contar con máis seguridade, sobre todo para os escolares da zona.

Solicita que sexan retirados os carteis de sinalización do Centro Comarcal, xa que este xa non existe, esperando que sexa unha actuación máis rápida que a do cartel da Ruta da Lamprea que segue estando no mesmo sitio.

Tamén pide que se sinalice debidamente o sendeiro circular de Liñares, anunciado na prensa, ou ben que sexa retirado da páxina web, xa que diversos turistas que acuden para realizalo atopándose desorientados ante a dificultade de atopalo, considerándose enganados.

Por último pregunta se o Concello xa ten notificación do Fallo do contencioso interposto ao PXOM.

Responde o **Sr. Alcalde** a esta última pregunta dicindo que non ten notificación de devandito Fallo, sabe que hoxe era a data fixada pola Sala do Contencioso/Administrativo para emitir sentenza e, por outras experiencias, suelen tardar máis o menos un mes en trasladar o Auto correspondente.

Antes de finalizar a sesión o **Sr. Alcalde**, dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa entre o público asistente que queira intervir, previa identificación con DNI.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas coarenta minutos.

A Estrada, 6 de abril de 2017  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Arttime Alonso